



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2011.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

- D^a. Ana Ledo Fernandez
- D. José Angel Rey Seoane
- D^a. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D. Gonzalo Concheiro Coello
- D^a. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:00 horas do día doce de setembro de dous mil once, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 15/2011 SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2011

Explica a Alcaldía a urxencia desta proposición sen ditaminar pola Comisión informativa especial de contas, para non perder subvención outorgada pola Xunta para adquisición de cisterna, por unanimidade, con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG- PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto acéptase a urxencia.

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL A CELEBRAR EN DATA 12/09/2011

Visto que no orzamento municipal para a anualidade 2011 non existe consignación orzamentaria suficiente para a aportación municipal ó subministro de adquisición de cisterna financiada pola Xunta de Galicia, sendo necesaria aportación municipal por importe de 3.900 €.

Considérase urxente a tramitación deste expediente, xa que, a xustificación da subvención remata o día 15/09/2011, polo que, en aplicación do artigo 82.3 e 97.2 do RD 2568/1986 de data 28 de novembro, polo que se solicita votación para ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Visto o informe da Secretaria Intervención de data 09/09/2011

Vista a normativa legal que permite a modificación dos presupostos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de Execución do Presuposto do exercicio 2011.

Á vista do anteriormente exposto, esta Presidencia propón ao Pleno municipal a adopción deste **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a modificación, vía suplemento de crédito, para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria:

Benestar comunitario, maquinaria, instalacións técnicas utillaxe por 3.900,00 €

O suplemento será financiado do seguinte xeito: con baixa por anulación na partida 23.62101 de compra de finca para ampliación Miniresidencia e Centro de día sen darse ningún prexuízo o funcionamento do servizo.

Segundo.- Estes gastos son específicos e determinados e non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores, perderíase a subvención da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Informar, que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2011, crédito suficiente a nivel de vinculación xurídica o estar as partidas non incluída en bolsa por ser gasto de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesma.

Cuarto.- O anterior importe de 3.900 € queda financiado con baixa por anulación na partida 23.62101

Quinto.- Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose, o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

Boimorto o 9 de setembro de 2011

O

Alcalde-Presidente

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez”

Explica a Alcaldía que se trata da aportación municipal para compra dunha cisterna subvencionada pola Xunta de Galicia no marco do canón eólico que a Xunta deu 6.400€ e o Concello ten que aportar 3.900€.

Pregunta o voceiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas canto é o canón eólico para Boimorto, resposta o Alcalde que entende que eses 6.400€ polo número de eólicos que hai neste termo municipal .

Di o Alcalde que polo prazo de xustificación da subvención terá que aprobar o gasto pola totalidade e facer o pago antes de que remate a exposición pública deste expediente e entre en vigor, polo que elevará reparo suspensivo o Pleno , ningún concelleiro amosa oposición .

Sen máis intervencións, sometida a proposición a votación por unanimidade con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG- PSOE , 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación vía suplemento de crédito para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria:

Benestar comunitario, maquinaria, instalacións técnicas utillaxe por 3.900,00 €

O suplemento será financiado do seguinte xeito: con baixa por anulación na partida 23.62101 de compra de finca para ampliación Miniresidencia e Centro de día sen darse ningún prexuízo o funcionamento do servizo.

SEGUNDO.- Estes gastos son específicos e determinados e non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores, perderíase a subvención da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- Informar, que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2011, crédito suficiente a nivel de vinculación xurídica o estar as partidas non incluída en bolsa, por ser gasto de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesma.

CUARTO.- O anterior importe de 3.900 € queda financiado con baixa por anulación na partida 23.62101.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

QUINTO.- Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose, o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

2.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 16/2011 CRÉDITO EXTRAORDINARIO 3/2011

Explica a Alcaldía a urxencia desta proposición, sen ditaminar pola Comisión informativa especial de contas, para non perder subvención outorgada por Agader, tendo que adquirirse o vehículo e estar xustificada a subvención con data Xunta 30/09/2011, e puntos de luz e timbres para a Miniresidencia e Centro de día por requerimento da inspección para obtención da autorización de funcionamento .

Por unanimidade con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG- PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto acéptase a urxencia.

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL A CELEBRAR EN DATA 12/09/2011

Visto que no orzamento municipal para a anualidade 2011 non existen partidas para adquisición subvencionada e aportación municipal principalmente do ive subministro vehículo adaptado subvencionado no marco do programa Leader do GDR Ulla Tambre Mandeo por 24.794€, nin para puntos de luz e timbres na Miniresidencia e Centro de día os efectos de obtención de autorización de funcionamento dos centros por 2.500€

Sendo estes uns gastos específico e determinados , non demorables o exercicio seguinte xa que e necesaria a adquisición do vehículo adaptado para o 30/9/2011 asi como a obtención urxente de funcionamento da Miniresidencia e centro de Día.

Sendo urxente a tramitación deste expediente xa que a xustificación da subvención remata o día 30/09/2011 para vehículo, adaptado segundo esixencia do GDR manifestada a esta Alcaldía en reunión da semana pasada e que e urxente a obtención da autorización para funcionamento da miniresidencia e centro de día , en aplicación dos artigos 82.3 e 97.2 do RD 2568/1986 de 28 de novembro solicítase votación para ratificación da inclusión deste punto na orde do día .

Visto informe de secretaria a esta modificación de data 9/9/2011.

Vista a normativa legal que permite a modificación dos presupostos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de Execución do Presuposto do exercicio 2011

Á vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que o Pleno **ACORDE:**

Primeiro.- Aprobar a modificación, vía crédito extraordinario, para a habilitación de crédito nas seguintes partidas orzamentarias:

Para a partida que se crea para adquisición de vehículo adaptado

23.624 Servicios Sociais elementos de transporte 24.794€

A financiar

: 11.739,46€ con remanente de tesourería do exercicio 2010 para gastos con financiación afectada, derivado das reducións en nóminas do persoal deste Concello no exercicio anterior como consecuencia da aplicación do Real decreto lei 8/2010 de 20 de maio polo que se adoptan medidas extraordinarias de redución do déficit público.

: 2.772,46€ por baixa por anulación na partida 23.621.01 para compra de finca de ampliación da miniresidencia.

: 3.025,98€ con baixa por anulación na partida de aportación municipal ó Saneamento de Brates xa prevista en incorporación de remanente partida 45.629.00

: 7.256,10€ con baixa por anulación na partida 15.627.00 Rede Wifi

Para a partida de adquisición de puntos de luz e timbres para a Miniresidencia e centro de día: partida 23. 623 Servicios sociais maquinaria instalacións e utillaxe ; 2.500€ a financiación sería con baixa por anulación na partida 15.627.00 Rede Wifi

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2011, crédito suficiente a nivel de vinculación xurídica ó estar as partidas non incluídas en bolsa, por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas .

Cuarto . - Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

Boimorto o 9 de setembro de 2011

O Alcalde -Presidente :

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez”

Explica a Alcaldía a financiación deste subministro tendo o Concello que asumir o iver, e a forma de financiar esta inversión renunciando a outros gastos de inversión como rede wifi, por ter para este gasto de adquisición de vehículo adaptado subvención. Di o Alcalde que Agader aínda ten que pagar ó Concello de Boimorto 100.000€ da subvención de adquisición de mobiliario para a Miniresidencia e Centro de día, e que está pendente o pago da posta en funcionamento previa obtención da autorización da Xunta.

A continuación a Alcaldía explica os requirimentos da Xunta en relación co equipamento da Miniresidencia para poder obter a subvención.

Pregunta o voceiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas se foi estudado o rendemento do vehículo. Resposta o Alcalde que no ano 2010 gastáronse en transporte 15.000 para o Centro de maiores pero ata 40.000 para outras actividades (excursións, tempo de lecer ...), e di que vistos estes custes eses cartos dan para o mantemento do vehículo e do chófer ó ter para a inversión esta subvención.

Pregunta o voceiro do grupo municipal do Partido Popular se vai ser gratuíto o transporte. Resposta o Alcalde que non todo e gratuíto que se cobran prezos públicos por algúns transportes . Sinala o Alcalde que polos intereses públicos entenderase dende hoxe o expediente aprobado realizando o pago antes do 30/09/2011 para non perder a subvención, ningún concelleiro amosa oposición.

Sen máis intervencións sometida a proposición a votación por unanimidade con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG- PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación vía crédito extraordinario para a habilitación de crédito nas seguintes partidas orzamentarias:

Para a partida que se crea para adquisición de vehículo adaptado

23.624 Servizos sociais elementos de transporte 24.794€

A financiar

: 11.739,46€ con remanente de tesourería do exercicio 2010 para gastos con financiación afectada, derivado das reducións en nóminas do persoal deste Concello no exercicio anterior como consecuencia da aplicación do Real decreto lei 8/2010 de 20 de maio polo que se adoptan medidas extraordinarias de redución do déficit público.

: 2.772,46€ por baixa por anulación na partida 23.621.01 para compra de finca de ampliación da miniresidencia.

: 3.025,98€ con baixa por anulación na partida de aportación municipal ó Saneamento de Brates xa prevista en incorporación de remanente partida 45.629.00

: 7.256,10€ con baixa por anulación na partida 15.627.00 Rede Wifi

Para a partida de adquisición de puntos de luz e timbres para a Miniresidencia e centro de día: partida 23. 623 Servizos sociais maquinaria instalacións e utillaxe ; 2.500€ a financiación sería con baixa por anulación na partida 15.627.00 Rede Wifi

SEGUNDO.- Considerar estes gastos específicos e determinados e non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

TERCEIRO.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2011, crédito suficiente a nivel de vinculación xurídica o estar as partidas



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

non incluídas en bolsa, por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas .

CUARTO. - Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e ó artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

3.- MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN

Explica a Alcaldía a urxencia desta proposición, sen ditaminar para poder dar subvencións antes de fin de ano nominativas e que non se perda a partida dotada para as Comisións de Festas de asignación nominativa.

Por unanimidade, con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG- PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto acéptase a urxencia.

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL A CELEBRAR EN DATA 12/09/2011

Visto que por efectividade é necesaria a modificación da base de execución do orzamento municipal para a anualidade 2011 nº 51 sobre previsión nominativa de subvencións, sendo urxente a tramitación deste expediente de modificación desta base para beneficio dentro desta anualidade dos beneficiarios das asignacións nominativas das subvencións polo que, en aplicación do artigo 82.3 e 97.2 do RD 2568/1986 de data 28 de novembro se solicita votación para ratificación da inclusión deste punto na orde do día .

Considerando que, tanto a normativa estatal, como a autonómica en materia de subvencións, prevén a posible asignación nominativa en aplicación entre outros dos artigos 22.2a) e 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións .

Realizadas algunhas festas patronais neste Concello con importante esforzo dos nosos veciños así como actividades dalgunhas asociacións relevantes na promoción do deporte manifestándose falta de interese por falta de presentación de solicitudes para obtención de subvencións nominativas polas Comisións de Festas, tal e como estaba redactada esta base de execución do orzamento , propono que quede o Pleno municipal a vista da normativa legal que permite a modificación dos orzamentos de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais no RD 500/1990 do 20 de abril e nas Bases de execución do orzamento de 2011 que **ACORDE:**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación da base 51 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2011 que quedaría redactada como segue:

BASE 51.- PREVISIÓN NOMINATIVA SUBVENCIONS.-

En aplicación dos artigos 22.2 a) e 28 da lei 30/2003 xeral de subvencións, quedan excepciónadas do procedemento de outorgamento de subvencións en concorrencia competitiva e en consecuencia poderán ser adjudicadas directamente canalizando ditas axudas co instrumento de Convenio , sendo axudas previstas nesta base nominativamente mais que necesitan un acto de outorgamento expreso , sobre un crédito máximo de 4.300€

A) para colaborar coas Comisións de festas deste Concello 200€ por Comisión, máximo 2.000€ (ata esgotarse crédito e por rexistro de entrada de solicitudes).

B) 1.000€ para a Comisión de festas de Boimorto.

C) 300€ para adquisición de equipamento deportivo polo clube de atletismo de Boimorto

D) 1.000€ para fomento das actividades deportivas e culturais previo informe dos servizos culturais para priorizar o reparto ata esgotarse crédito e por rexistro de entrada de solicitudes)

Todas estas subvención outorgaranse previa sinatura de convenio aprobado pola Xunta de goberno local.

Será necesaria a solicitude individualizada de dita subvención (rematando o prazo o 15/12/2011) perante o Concello de Boimorto en modelo facilitado ó efecto, declarando e acreditando o cumprimento das obrigas previstas na Lei Xeral de subvencións 38/2003 . Para o non previsto nesta base será de aplicación a Lei 38/2003 xeral de subvención artigos 22.2 e 28 así como, o RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aprobou o regulamento de dita lei , a Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable

SEGUNDO.- Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, sobre modificación do orzamento municipal artigo 169 do TRLRFL, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública que será de 15 días hábiles.

Boimorto 9 de setembro de 2011

O Alcalde:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez”

Explica a Alcaldía que hai unha partida con 4.300€ prevista para subvencións nominativas Comisións de festas, gastos de pólizas de responsabilidade civil, que a orientación destas subvencións non atende ós intereses e fomento das actividades polas Comisións de Festas polo que se decide atendendo tamén ó interese de promoción deportiva e cultural , deportiva para fomentar a actividade de clube de atletas que levarán o nome do Concello onde vaian e culturais para fomento de actividades das asociacións, o cambio desta base de execución tal e como se explicou na proposta..

Pregunta o voceiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas que a baixada de axudas é proporcional, sinala que en Boimorto outras Comisións fixeron máis festas esta só unha , di que senón se ten e conta dita proporcionalidade existiría un agravio comparativo.

Resposta o Alcalde que entende que a baixada das subvencións si é proporcional.

Sen máis intervencións, sometida a proposición a votación por unanimidade con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG- PSOE , 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación da base 51 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2011 que quedaría redactada como segue:

BASE 51.- PREVISIÓN NOMINATIVA SUBVENCIONS.-

En aplicación dos artigos 22.2 a) e 28 da lei 30/2003 xeral de subvencións, quedan excepciónadas do procedemento de outorgamento de subvencións en concorrencia competitiva e, en consecuencia, poderán ser adxudicadas directamente canalizando ditas axudas co instrumento de Convenio , sendo axudas previstas nesta base nominativamente mais que necesitan un acto de outorgamento expreso , sobre un crédito máximo de 4.300€

A) para colaborar coas Comisións de festas deste Concello 200€ por Comisión, máximo 2.000€ (ata esgotarse crédito e por rexistro de entrada de solicitudes).

B) 1.000€ para a Comisión de festas de Boimorto.

C) 300€ para adquisición de equipamento deportivo polo clube de atletismo de Boimorto

D) 1.000€ para fomento das actividades deportivas e culturais previo informe dos servizos culturais para priorizar o reparto (ata esgotarse crédito e por rexistro de entrada de solicitudes)

Todas estas subvención outorgaranse previa sinatura de convenio aprobado pola Xunta de goberno local.

Será necesaria a solicitude individualizada de dita subvención (rematando o prazo o 15/12/2011) perante o Concello de Boimorto en modelo facilitado ó efecto, declarando e acreditando o cumprimento das obrigas previstas na Lei Xeral de subvencións 38/2003 . Para o non previsto nesta base será de aplicación a Lei 38/2003 xeral de subvención, artigos 22.2 e 28, así como, o RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aprobou o regulamento de dita lei , a Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable

SEGUNDO.- Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, sobre modificación do orzamento municipal artigo 169 do TRLRFL considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública que será de 15 días hábiles.

4.- MODIFICACIÓN ANEXO DE INVERSIÓN

Explica a Alcaldía a urxencia desta proposición, sen ditaminar para poder ter o anexo de inversións adaptado ás modificacións .

Por unanimidade con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG- PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto acéptase a urxencia.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Pola Secretaría dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL A CELEBRAR EN DATA 12/09/2011

Visto que como consecuencia dos expedientes de modificación de créditos tramitados nesta anualidade 2011 é necesaria a actualización e modificación do anexo de inversións do orzamento municipal adaptándose a ditas modificacións.

Sendo urxente a tramitación deste expediente de modificación do anexo de inversións para beneficio do funcionamento dos servizos de intervención e por obriga legal dentro desta anualidade, polo que, en aplicación do artigo 82.3 e 97.2 do RD 2568/1986 de data 28 de novembro, se solicita votación para ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Vista a normativa legal que permite a modificación dos presupostos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de Execución do Presuposto do exercicio 2011.

Á vista do anteriormente exposto, esta Presidencia propón ó Pleno municipal a adopción deste **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a modificación do anexo de inversións do orzamento municipal para o ano 2011, adaptándose ás modificacións de créditos aprobadas definitivamente neste exercicio orzamentario.

Segundo.- Tramitar o expediente, axustándose os preceptos legalis aplicables vixentes, sobre modificación do orzamento municipal 169 TRLRFL, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública que será de 15 días hábiles.

Boimorto o 9 de setembro de 2011

O Alcalde-Presidente

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez”

Explica o Alcalde que se deron cambios no Capítulo 6 do orzamento municipal que fan necesaria esta adaptación do anexo de inversións.

Sen mais intervencións sometida a proposición a votación por unanimidade con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG- PSOE , 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do anexo de inversións do orzamento municipal para o ano 2011 adaptándose as modificacións de créditos aprobadas definitivamente neste exercicio orzamentario.

SEGUNDO.- Tramitar o expediente, axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, sobre modificación do orzamento municipal 169 TRLRFL, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública que será de 15 días hábiles.

5.- RECTIFICACIÓN IMPORTE BASES DE OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONES POR NACIMIENTO FILLO

Explica a Alcaldía a urxencia desta proposición, sen ditaminar para aplicar a ordenanza de subvencións de fomento da natalidade de forma correcta e adaptada ás previsións orzamentarias.

Por unanimidade, con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG- PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto, acéptase a urxencia.

Pola Secretaría dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDIA PRESIDENCIA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL A CELEBRAR EN DATA 12/09/2011

Visto que como o pleno municipal en sesión celebrada o 28/04/2011 aprobou ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de axudas municipais para o apoio a natalidade 2011, nas que no artigo 7 se sinala a financiación con cargo á partida orzamentaria 23.48000 do orzamento municipal do 2011 como máximo 5.000€.

Considerando que dita partida, tal e como foi dotada no exercicio no orzamento aprobado contén 5.000€ para emerxencia social e 2.000€ para axudas á natalidade, polo que se deu un erro material e aritmético que pode correxirse en aplicación

do disposto no artigo 105 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sendo urxente a tramitación deste expediente de rectificación do artigo 7 da ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de axudas municipais para apoio a natalidade 2011, pasando a contía de 5.000€ a ser de 2.000€, polo que, en aplicación do artigo 82.3 e 97.2 do RD 2568/1986 de data 28 de novembro se solicita votación para ratificación da inclusión deste punto na orde do día .

Vista a normativa legal que permite dita rectificación de erro artigo 105 da Lei 30/1992 .

A vista do anteriormente exposto, esta Presidencia propón o Pleno municipal a adopción deste **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a rectificación do erro material no artigo 7 da ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de axudas municipais para o apoio a natalidade 2011, rectificando a contía de 5.000€ para en rectificación por 2.000€.

Segundo.- Publicar esta rectificación no BOP ós efectos oportunos.

Boimorto o 9 de setembro de 2011

O Alcalde Presidente:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez”“

Explica o Alcalde que dáse un erro material que e necesario correxir.

Sen máis intervencións, sometida a proposición a votación por unanimidade con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG- PSOE , 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar a rectificación do erro material no artigo 7 da ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de axudas municipais para o apoio a natalidade 2011, rectificando a contía de 5.000€ para en rectificación por 2.000€.

SEGUNDO.- Publicar esta rectificación no BOP ós efectos oportunos

Ó non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 20:30 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

E para que así conste, en cumprimento do disposto no artigo 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a súa remisión ao Ilmo. Sr. Subdelegado do Goberno e á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, expido a presente por orde e co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente, en Boimorto a seis de outubro de dous mil once.=====

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez